

Moita poesía, pouca diversión

Como é un espectáculo de poesía, o título non é outra cousa máis ca unha metáfora. Quen saiba ver detrás a letra do grupo punk Eskorbuto, esa que reza “mucha policía poca diversión/un error, un error!”, pode xa facerse unha idea clara da actitude coa que nacen os recitais de Lucía Aldao e María Lado.

Moita poesía, pouca diversión pretende chamar a atención daqueles que miran a poesía de reollo. Para iso sérvense de tal provocación, que só encerra unha verdade: para elas a lectura de poesía non pode ser algo que adormeza o espectador. Partindo deste presuposto Aldao e Lado presentan un recital de poesía ameno, dotado de ritmo e comunicación aberta co espectador, no que este adquire ademais un papel activo. Durante o recital hai música en directo, xogos, historias que rodean os poemas, momentos de reflexión... pero sobre hai comunicación poética pura e verdadeira.

Con este e outro espectáculo anterior, Aldao e Lado levan xa cinco anos circulando por teatros, salas, festivais de poesía, museos, casas da cultura, institutos, bares e outros moitos sitios insospeitados dentro e fóra das fronteiras galegas. O seu recital adaptase a cada circunstancia e a cada público porque a súa esencia é o directo, a inmediatez.

Os textos que compoñen o recital son poemas propios, creados polas dúas poetas, algúns inéditos e outros recollidos en libros ou revistas. A música, parte substancial do espectáculo, pona a guitarra e a impresionante voz de Lucía.

Necesidades técnicas e contratación

A duración do espectáculo adoita ser de 55 minutos, pero pódese ampliar ou reducir en función do que o programador precise.

As necesidades básicas redúcense a un equipo de son que permita amplificar as nosas voces con dous micrófonos, e a guitarra acústica cunha liña directa á mesa. De correr pola nosa conta a técnica débese renegociar o prezo.

Chámenos, e verá como podemos ofrecerlle algo á medida das súas necesidades.



Contacto

maría lado	625 325 748	casatlantica@yahoo
lucía aldao	651 046 603	lucialdao@yahoo es

MARÍA LADO (Cee, 1979)

Comezou a escribir entre as xentes do Batallón Literario da Costa da Morte, onde participou das tres antoloxías poéticas editadas do colectivo. Como poeta ten publicado **A primeira visión** (Letras de Cal, 1997), **casa atlántica casa cabaret** (Xerais, 2002), **berlín** (Concello de Santiago- El correo gallego- Aelg), poemario que conta tamén cunha edición dixital en formato audiolibro, recitado pola autora e musicado por Fanny e Alexander de libre descarga en www.aregueifa.net. Acaba de publicar o seu cuarto poemario, **nove**, gañador do premio Avelina Valladares da Estrada.

Como narradora ten relatos espallados en revistas como Dorna, Bravú ou La Luna de Mérida e participa da antoloxía **Narradoras** (Xerais, 2002). Tamén recollen textos seus revistas como Coméntario (Lisboa), La bella Varsovia (Granada), Madrygal (Madrid).

Como poeta conta con numerosas colaboracións en volumes colectivos de diversa índole e antoloxías. Destas últimas salienta, pola súa importancia, **D'efecto 2000** (Letras de Cal, 1999), o volume **25 anos de poesía galega 1975-2000** editada pola Voz de Galicia (2003), **As sonoras cordas** (Eneida, Madrid, 2005), o volume **Por man propia** (Bourel, 2005) e a antoloxía de poetas irlandesas e galegas **To the winds our sails** (Salmon Poetry, 2010).

Colabora habitualmente con revistas e xornais como Infoxove, Tempos Novos ou o suplemento de libros Protexta, onde se dedica á reseña de tebeos. Tamén participou con seccións relacionadas coa poesía e a opinión en emisoras como Radiofusión (programa As Antípodas) e especialmente na Radio Galega, onde mantivo unha columna semanal no programa Extrarradio, de Belén Regueira e unha colaboración quincenal en Os tres peixes voando.

Textos seus foron traducidos para antoloxías ao castelán, portugués, catalán, ruso e irlandés. Outros aparecen en discos como o CD **Pensando Nelas**, editado pola universidade do País Vasco e o Centro de Estudos Galegos, ou nos documentais **Redeiras** (X. H. Ribadulla Corcón) e **Tecendo o fío da memoria** (María Reimóndez).

É guionista da radionovela **Novembro**, que foi parte da obra da artista Julia Montilla para o Proxecto Edición e que emitiu na Radio Galega no 2006.

Dende hai uns poucos anos realiza creacións audiovisuais relacionadas coa poesía. Foi unha das primeiras poetas galegas en empregar o vídeo como soporte para a poesía e conta con varios videopoemas que poden verse na rede e que a levaron a recitar, acompañada de Lucía Aldao, ao Instituto Cervantes de Berlín.

Para saber máis dela é bo preguntar. Tamén vale investigar no Google.

LUCÍA ALDAO (A Coruña, 1982)

Comeza dende moi nova gañando diversos premios coma o Tanxedoira, Francisco Fernández del Riego, O Facho, e varios premios Minerva. Destes últimos resultaron as publicacións colectivas **Aliteración en ti** e **Quixen ir a Nevermore**.

A súa obra aparece en diferentes publicacións periódicas (A Xanela, O Ollo Público, La Bella Varsovia...) así coma en antoloxías entre as que destacan **O Trazo Aberto** (2002), **Negra Sombra** (2003), **Sempre Mar** (2003), **Os Gozos e as Sombras** (2005), **Plantando Libros** (2006), ou **Poética da Casa** (2006). Tamén no 2005, publica o volume **unha dúcia (máis un)**, acompañando cos seus poemas ás fotografías do arquitecto Luis Muñoz. Participou en varios congresos da A.E.L.G (Segundo encontro de novos escritores, en Mondoñedo, e Clave Sónica, en Santiago de Compostela) e no Cosmopoética'06 de Córdoba.

Nestes últimos anos continuou desenvolvendo a actividade literaria formando parte dos xurados de diferentes premios literarios (Minerva, O Facho, certame literario da Universidade de A Coruña) e aparecendo esporadicamente como colaboradora dos programas de radio Antípodas, e-music... Así mesmo, participou no espectáculo **Dillei** de Carlos Blanco, colaborou no programa de televisión presentado e dirixido por este mesmo actor Somos unha Potencia, ou presentou a gala Acústico Feminino do 2006.

Dende os seus inicios participou en multitude de recitais por toda a nosa xeografía, e ultimamente continúa a facelo, a xeito de espectáculo poético, xunto a poeta María Lado. Exemplo disto son **Onde estea un cubata que se quite un soneto** e **Poeta de mierda** (este último tamén coa actriz Pepa Yáñez).

Como cantante, leva dende o 2004 ofrecendo concertos por toda Galicia nos escenarios máis variados, acompañándose coa guitarra e facendo versións de cancións de grupos míticos dos anos 70. Na actualidade mantén co músico Diego Delgado o grupo Alddao.